



INSTRUCCIÓN 2/2012-2013, DA VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOGÍAS, MEDIANTE A QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA NAS PRÁCTICAS CURRICULARES DE CARÁCTER OPTATIVO NOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO.

As prácticas curriculares de carácter optativo requieren da correspondente sinatura de convenios con empresas ou institucións para que os alumnos poidan realizarlas; precisamente por esa circunstancia non poden aceptar a todos os alumnos solicitantes e deben fixar unha limitación de prazas, polo que se establece o seguinte procedemento de matrícula, ao abeiro das facultades que me confire o artigo 37 da Normativa de xestión académica para o curso 2013/2014:

- No momento en que o alumnado realice a matrícula no prazo ordinario establecido para esta, será advertido daquelas prácticas optativas nas que exista limitación de prazas.
- Despois de rematar o prazo de matrícula, os servizos informáticos trasladarán de forma inmediata ás administracións dos centros e ás UXAI, unha relación ordenada pola media do expediente académico daqueles alumnos que se matricularon na devandita materia, para que os centros regulen a admisión destes estudiantes nas prácticas en función dese criterio e doutros establecidos nos centros.
- Con carácter xeral non se permitirá a anulación da matrícula na materia indicada ou a devolución dos seus prezos públicos, polo que os alumnos que non resulten admitidos regularizarán de forma presencial no centro a súa matrícula, debendo escoller outra optativa co mesmo número de créditos. Para realizar este cambio na matrícula, cada centro, se é o caso, establecerá o período correspondente en función da pertenza da materia a un ou a outro cuadri mestre.

A Coruña, 18 de xullo de 2013

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

Julio Abalde Alonso